



CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



## Saudos ao Profesorado e ás Entidades participantes.

Informamos da celebración do **Campionato Provincial Escolar de Orientación - Lugo 2025** no marco do programa Xogade, (xogos galegos deportivos en idade escolar) organizados polo Club Compás de Lugo e a Xunta de Galicia, e coa colaboración do Concello de Lugo.

## LUGAR E DATA

O mércores , 12 de marzo, a partir das 10:00 h da mañá, no Parque Río Miño (Lugo). A xornada rematará ás 14 horas aproximadamente.

## TRANSPORTE

Os gastos e a organización do transporte dende os centros serán sufragados polo Servizo Provincial de Deportes da Xunta de Galicia. Contactar con Carlos Lorenzo López no 982294560 para cuestións relativas ao desprazamento.

## INSCRICIÓN

Poderán participar os alumnos de categoría infantil (nados en 2011 e 2012) e cadete (2009 e 2010). Cada centro poderá inscribir un MÁXIMO de catro equipos de cinco alumnos/as, un por categoría e sexo, e dicir: un equipo infantil masculino, un equipo infantil feminino, un equipo cadete masculino e un equipo cadete feminino.

Coa finalidade de garantir a igualdade na competición, e pola experiencia de anos anteriores, os centros que desexen asistir con mais alumnos a proba terán que facer selección de rapces/as, presentando a inscrición como “nome do centro + A”, “nome do centro + B”.

Así mesmo, establécese o límite de participación no evento en 300 participantes. polo que os centros que desexen facer equipos B ou C, terán que solicitar autorización a organización do evento, poñéndose en contacto con **Francisco Varela 653795106** ou no correo **compas.orientacion@gmail.com** .

A confirmación da asistencia de estes equipos B,C..., non se fará ata finalizadas as inscricións, xa que sempre se dará prioridade a participación de un maior número de centros.

Na medida da posibilidade da inclusión de ditos equipos B, serán sempre incluídos os que tivesen presentada a súa inscrición con anterioridade.

**Adxúntase o formulario de inscrición. Ademais de cumprimentar e enviar este formulario a [compas.orientacion@gmail.com](mailto:compas.orientacion@gmail.com) é imprescindible mutualizar aos alumnos rexistrándose no programa Xogade a través do enlace:**

<http://www.inscricion-xogade.xunta.gal>

Por cuestións relativas á organización (transporte, material, técnicos...) é moi importante que este proceso se leve a cabo con responsabilidade e non haxa un desfase entre os alumnos/as inscritos e os que asistan á actividade.

Pregamos que, a maior brevidade posible, nos fagades saber a vosa intención de participar.

**A formalización da inscrición é ata o 7 de marzo de 2025**, a partires desa data haberá que contactar co servizo provincial de deportes para que valore a posibilidade de incorporar máis equipos

### **PROGRAMA DO DIA 12 DE MARZO, MÉRCORES**

Lugar : Aparcamiento do Estadio de Fútbol Anxo Carro .

09:30-10:00. ...Recepción de participantes, entrega de pinzas electrónicas.

10:30. ....Saída dos primeiros participantes.

13:30. ....Entrega de medallas .

É convinte que os alumnos teñan unhas nocións básicas sobre este deporte.

Animávosvos a realizar algunha actividade previa nos centros, tedes unha suxerencia máis adiante nesta convocatoria.

Aconséllase que os alumnos/as leven roupa e calzado de reposto, así como algo de comida (froita, bocadillos, auga...).

### **VIDEO EXPLICATIVO DE ORIENTACIÓN**

<https://www.youtube.com/watch?v=HkeoWFjgIWg>

### **SISTEMA DE CONTROL DE CARREIRA**

Empregaremos o sistema de control electrónico de carreira (e dicir non será preciso picar nos mapas as balizas). Sistema SPORTIDENT, para verificar que o corredor pasou pola baliza correspondente.

**Importante**, no momento da recepción dos participantes repartiremos as bolsas coas pinzas electrónicas (cada alumno ten asignada unha pinza, levardes un listado para repartilas, moito ollo , comprobade que cada quen leva a súa, se non pode ter un erro na carreira).

Deixámosvos enlace web para ver como funciona

Quedamos a vosa disposición,

Carlos Lorenzo López . Coordinador do Deporte Escolar de Lugo.

Francisco Varela Lorenzo. Organización . Club Orientación Compás.

Sonia Gómez Naya, Responsable de cronometraxe. Club Orientación Compás.